

Unidade 3. De fantasía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Clasifica as seguintes formas verbais segundo sexan persoais ou non persoais.

comer	durmimos	pedises	coller
escribides	bebín	existir	colaboran
falaremos	cantar	perdido	batido
varrendo	estudar	cantado	

Persoais	Non persoais
Escribides, falaremos, durmimos, bebín, pedises, colaboran	Comer, varrendo, cantar, estudar, existir, perdido, cantado, coller, batido

2. Completa.

Verbo	Persoa	Número	Infinitivo	Xerundio	Participio
Batía	1. ^a /3. ^a	Singular	Bater	Batendo	Batido
Converta	1. ^a	Singular	Converter	Convertendo	Convertido
Partimos	1. ^a	Plural	Partir	Partindo	Partido
Seguises	2. ^a	Singular	Seguir	Seguindo	Seguido
Fuxirei	1. ^a	Singular	Fuxir	Fuxindo	Fuxido
Discutiran	3. ^a	Plural	Discutir	Discutindo	Discutido
Andabamos	1. ^a	Plural	Andar	Andando	Andado
Escribín	1. ^a	Singular	Escribir	Escribindo	Escrito

3. Escribe un texto no que empregues formas verbais en diferente persoa e número.

Resposta libre.

Unidade 3. De fantasía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

4. Completa con por que/porque, se non/senón, tan pouco/tampouco, con que/conque, de máis/demais.

- Eu preguntome **por que** sae o sol todos os días.
- Hoxe xantamos máis cedo **porque** temos que marchar.
- Non estou triste **senón** canso.
- Non facía nada alí, **conque** collín e marchei.
- **Se non** che gusta esa camisa, pois non a poñas.
- Estivo **tan pouco** tempo con nós que case non me decatei.
- **Con que** traxe pensas ir á voda?
- Tráeme un prato **de máis** por se vén Uxía.
- Onte non fun ao ximnasio e hoxe **tampouco** creo que vaia.
- Non cheguei a tempo **porque** perdín o tren das sete.
- **Por que** espertaches tan cedo hoxe?
- Eu non quero ir ao centro comercial **senón** ao cine.
- Sempre copia o que fan os **demais**.
- Non teño **con que** facer o almorzo.
- Era **tan pouco** peixe que non chegou a nada.

5. Escribe o ditado.

A miña irmá máis nova sempre me está facendo preguntas. Por que non podemos ir a Saturno? Por que ten eses aneis? Por que está tan lonxe? E se non lle respondes ao momento tampouco queda tranquila.

O meu pai di que é porque todo lle chama a atención. Non o fai porque lle guste molestar, senón por simple curiosidade.

Unidade 3. De fantasía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____


6. Identifica as seguintes estrofas.

Pró que ás escuras camiña,
o claror dunha estreliña
Xosé CRECENTE VEGA




Pareado.

Debaixo das escaleiras,
andan a enredar os gatos
co betume dos zapatos,
e as sandalias fanequeiras.
Pepo CÁCCAMO



Redondilla.

Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.
Rosalía DE CASTRO



Terceto.

O vento encheu as prazas e o os rueiros
con renxer de infinitos arboredos,
e enguetouse nas casas coma dedos
de hedra verde nos vellos castiñeiros.
Darío X. CABANA




Cuarteto.

Eu sei dunha doce meiga
por quen teño admiración,
que decote me ten preso
na súa doce prisión.
Eduardo PONDAL



Copla.

Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte,
preto e lonxe; onte, agora,
mañá... na vida e na morte.
Ramón CABANILLAS



Cuarteta.